

COMUNICACIÓN PRENSA

A **Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital**
celebra o

20 ANIVERSARIO MUSEO DO GRAVADO

DATA: **VENRES, 5 DE NOVEMBRO**

HORA: **18.30**

LUGAR: **Sala 1 do Museo do Gravado** (Lugar de Outeiro, s/n – Artes – RIBEIRA)

A **Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital** vai celebrar o **20 Aniversario do MUSEO DO GRAVADO** o venres, **5 de novembro**, ás **18.30 h** cos seguintes actos:

18.00 h: Recepción de autoridades no Museo do Gravado.

18.30 h: Inauguración institucional da ampliación da **Biblioteca Ilustrada**.

18.45 h: Inauguración da **exposición Albino Fernández (1921-2021)** na Sala 1 do Museo.

19.30 h: Visita institucional da ampliación do **Obradoiro de Gravado** (taller anexo ao Museo).

20.00 h: Concerto do grupo **Milladoiro** no Lugar da Igrexa (Artes).

O MUSEO DO GRAVADO

O **Museo do Gravado** abriu as súas portas o 24 de xullo de 2001 produto da paixón coleccionista de **D. JAVIER EXPÓSITO PARADELA**, posuidor dunha colección de varios miles de estampas, que decidiu poñer a disposición do público en xeral e que a dotou dun edificio propio no lugar do Outeiro (Artes), nunha aposta clara pola defensa do mundo rural.

Os seus obxectivos eran a conservación, estudo, catalogación e divulgación do mundo do gravado. Os seus fondos ían dende finais do século XV aos nosos días. Xa no ano da inauguración contaba cun catálogo realizado polo profesor González de Zárate onde clasificaba a colección de estampas por escolas (española, francesa, alemá, italiana, flamenca, galega...). Hoxe conta cunha colección de máis de **40.000 estampas** nas diversas técnicas do gravado (xilografía, litografía, serigrafía, linoleografía, augaforte, augatinta, punta seca...).


FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES
DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL
Lugar de Outeiro s/n – Artes -Ribeira
15969 (A Coruña-España)
Web: www.fundartes.com
Facebook: [Museo-de-Artes-Ribeira/](https://www.facebook.com/Museo-de-Artes-Ribeira/)
Telf.: (+34) 981 87 13 42
fundartes@gmail.com



A súa colección galega conta con nomes como Seoane, Jorge Castillo, Manuel Ayaso, Alfonso Costa, Granell, Virxilio, Facal, Lúgrís, Isaac Díaz Pardo, e outros moitos nomes, pero ademais aumentan os seus fondos con gravados cataláns, portugueses, xapones...

Dende o inicio do Museo organizou exposicións non só con fondos propios, senón tamén en colaboración con outras entidades e institucións. As súas estampas viaxaron a EE UU, México, Costa Rica, Portugal, Xapón, varios lugares de España e Galicia. Tamén se editaron diferentes catálogos de Goya, Dalí, Facal, Piranesi, Van Dyck, Picasso..., ademais dun catálogo xeral dos fondos galegos.

No ano 2009 creou o **Premio Atlante de Gravado**, que internacionalizou a fama do Museo, con participación de centos de artistas de todo o mundo, e que xa celebrou a súa XII edición. En 2013, en colaboración coa A. C. Barbantia, decidiu dar pulo ás artes do Barbanza coa creación da mostra **BarbantiaRte**, no que se expuxeron pinturas, esculturas, gravados, fotografías...

Dende 2018, en colaboración coa Universidade de Salamanca, organiza **obradoiros de gravado**, cuxo resultado se expón non só no Museo senón en Portugal, Salamanca e outros lugares.

Xa en 2019 crea a **Biblioteca Ilustrada**, que conta cuns 8.000 volumes, do século XVI a hoxe.

Ata o de agora o Museo do gravado realizou máis de 200 exposicións, publicou unha trintena de catálogos e realizou varios obradoiros de gravado.

Agradecemento, en especial aos patronos de Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, especialmente a D. **Ramiro Carregal Rey**, que leva 20 anos inintermidos como patrocinando o Premio Internacional Atlante de Gravado.

Achégase en anexo catálogo da exposición **Albino Fernández**, onde teñen toda a información desta mostra.

Atentamente,
D. Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

D. Manuel Ruíz Rivas

Secretario
Fundación Museo de Artes
do Gravado á Estampa Dixital

Presidente
Fundación Museo de Artes
do Gravado á Estampa Dixital